



## VERÁN 2015 NA REDE MUSEÍSTICA

Vive o verán!

### PROGRAMA DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES

Nos catro museos da Rede Museística da Deputación de Lugo xa é verán. E como cada ano, preparamos un programa de actividades amplo e variado para todas e todos, no que grandes, medianos e pequenos poidamos entreternos e aprender. Obradoiros creativos, concertos divertidos, viaxes e visitas guiadas, propostas coas que pretendemos darlle forma creativa ao que soñamos e imaxinamos. As nosas propostas están abertas á participación de todas as persoas que o desexen, e moi especialmente para os integrantes dos nosos clubs: Pequeamig@s, Ei! e Sénior.

Nos museos da Rede Museística agardamos por ti.

De estares interesada/o nalgunha destas actividades ponte en contacto canto antes co Museo da Rede onde se vai realizar e inscíbete.

## MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

### »Campamento de Arqueoloxía

Imaxina que na Praza Fillos de Antón de Marcos (entre o Museo e a Rúa Nova) se descobre un xacemento arqueolóxico. Imos escavalo estrato a estrato para descubrir os seus segredos. Coa axuda de especialistas, iremos coñecendo as técnicas, as ferramentas e os pasos que hai que dar para que dese xacemento saquemos información de proveito. Para rematar teremos que tomar unha gran decisión: o que atopemos, debe ir ás vitrinas do museo ou ao seu almacén? Só se participas terás oportunidade de decidir.

**Responsables:** Enrique Alcorta Irastorza, responsable de Arqueoloxía do Museo, e Lucía Dequidt Lagares, departamento de Didáctica do MPLugo.

**Idades:** de 9 a 14 anos

**Prazas:** 20

**Datas:** 10, 11, 12 e 13 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**Nota:** Os participantes deberán vir provistos de vestimenta axeitada para traballar con terra (botas, roupa vella, gorra para o sol, luvas ...)

### »Volumes, figuras e formas

Achegámonos e investigamos sobre esta forma de expresión artística para coñecer os materiais, as épocas e os temas representados en tres dimensións.

**Responsable:** J. Manuel Mendoza, departamento de Didáctica do MPLugo.

**Idades:** de 8 a 12 anos

**Prazas:** 15

**Datas:** 14 e 15 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 13:00 h.

### »A historia tras a pintura

Ollar a arte como elemento vivo e comunicativo para fomentar a capacidade creativa con criterios estéticos.

**Idades:** de 8 a 14 anos

**Prazas:** entre 6 e 12

**Datas:** 4 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

### »Cociñando no Museo

Veremos a evolución da preparación dos alimentos desde as cociñas antigas ata as actuais. A gastronomía como cultura e como práctica, pois elaboraremos o doce máis saboroso que poidamos.

**Idades:** de 5 a 15 anos

**Prazas:** entre 6 e 12

**Datas:** 1 de agosto

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

### »Visitas guiadas breves (30 minutos aprox.)

**Grupos:** mínimo 10 persoas (non é necesaria a inscrición previa)

**Datas:** sábados e domingos dos meses de xullo e agosto

**Horario:** 12:00 h.

#### »Concertos Lugauto

##### **Museo Provincial de Lugo (Xardíns)**

Xoves, 4 de xuño, ás 20:30 h.: Lucus Ensemble

Xoves, 11 de xuño, ás 20:30 h.: Julián Maeso

Xoves, 18 de xuño, ás 20:30 h.: Murajazz

Xoves, 25 de xuño, ás 20:30 h.: Bakim Blues Band

#### »Concertos Florais

##### **Museo Provincial de Lugo (Xardíns)**

Luns, 6 de xullo, ás 20:30 h.: Trío de violín, chelo e guitarra

Luns, 13 de xullo, ás 20:30 h.: Cuarteto de música tradicional e folk

Luns, 27 de xullo, ás 20:30 h.: Lucus Ensemble ao completo con repertorio variado, clásico e contemporáneo

Luns, 3 de agosto, ás 20:30 h.: Trío de Jazz

## **MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA**

#### »Os escribáns na Idade Media, Club Pequeamig@s.

O obxectivo desde obradoiro é dar a coñecer unha clase social moi relevante na Idade Media ao servizo do señorío.

**Datas:** 18 de xullo.

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

#### »A pescuda dos detectives en San Paio, Club Pequeamig@s.

Neste obradoiro trátase de que os nenos/as se metan por uns intríns na pel dun detective. Terán que ir superando unha serie de pistas para acadar a meta final. Unha das pistas será identificar cal é a peza máis antiga da lareira.

**Datas:** 22 de agosto.

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

#### »Unha noite no museo

Ademais de durmir no museo en sacos, aproveitaremos para coñecer a nosa cultura popular a través de narracións orais. Un exercicio de convivencia.

**Idades:** de 7 a 14 anos

**Prazas:** entre 8 e 12

**Datas:** 4 de agosto

**Horario:** de 20:30 ata as 10 horas do día seguinte

## **MUSEO PROVINCIAL DO MAR**

#### »Abordaxe pirata, Club Pequeamig@s.

Neste obradoiro os rapaces e rapazas descubrirán o apaixonante mundo dos piratas, as diferentes clases, os seus usos e costumes, ás súas correrías polas costas galegas e, sobre todo, crearán e recrearán a súa propia aventura pirata.

**Idades:** de 4 a 14 anos.

**Prazas:** 20

**Datas:** 22 (de 11:30 a 13:00 h.) e 23 de xullo (de 17:00 a 18:30 h.)

#### »Os outros habitantes do mar, Club Pequeamig@s.

Aproveitando a magnífica recreación do fondo mariño que no contedor-almacén do noso Museo fixo o muralista Doctor Toy, queremos encher ese espazo daqueles outros habitantes do mar que a mitoloxía foi creando ao longo do tempo.

**Idades:** de 4 a 14 anos.

**Prazas:** 20

**Datas:** 29 e 30 de xullo.

**Horario:** de 11:30 a 13:00h

#### » **Gyotaku: peixes de tinta**

O Gyotaku é unha técnica de gravado de orixe xaponesa que consistía en cubrir un peixe con tinta e aplicarlle unha folla de papel de arroz para que a súa imaxe quedase estampada nel. Por iso, “gyo” significa peixe e “taku” frotar. Esta forma de estampación nace no Xapón do s. XVIII. Os pescadores utilizábano para levar un rexistro das súas capturas. Co tempo, este método converteuse nunha práctica artística. Nada máis axeitado para un museo do mar, non credes? Imos facer unha marea de peixes de tinta!

**Idades:** de 4 a 14 anos.

**Prazas:** 20

**Datas:** 4 de agosto.

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

#### » **A arquitectura no museo**

Aprenderemos a interpretar os espazos, as liñas, os volumes ... e veremos a importancia que ten a arquitectura para entender os contidos do museo. Seremos arquitectos por un día!

**Idades:** de 4 a 14 anos.

**Prazas:** 20

**Datas:** 13 de agosto.

**Horario:** de 12:00 a 14:00 00 h.

#### » **Mensaxes marítimas**

A actividade realizarase no Museo P. do Mar e na Praia do Tormo. Intentaremos ver a necesidade de coidar o mar.

**Idades:** de 6 a 12 anos

**Prazas:** entre 6 e 12

**Datas:** 9 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

#### » **Arte en equipo**

Aprenderemos a traballar en equipo e a cooperar para acadar os obxectivos, tendo como mostra o coñecemento da formación dos movementos artísticos.

**Idades:** de 8 a 14 anos

**Prazas:** entre 8 e 20

**Datas:** 3 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

» **Presentación do libro “Naufragios en las costas gallegas”, de Ramón Patiño.** Coa intervención de Yago Abilleira. Venres, 24 de xullo, ás 19:30 h.

» **Conferencia “As sereas, habitantes da Galiza: do mar de Arousa ao porto do Sancibrao, unha viaxe pola literatura e a arte”, a cargo de Xullo Pardo de Neyra.** Xoves, 13 de agosto, ás 19:00 h.

» Conferencia “*A muller e o mar*”, a cargo de **Chema Leal**. Sábado, 15 de agosto, ás 20:00 h.

» **Exposición e presentación do libro “*A Maruxaina e outras sereas*”**. Venres, 17 de xullo, 20:00 h.

**Actividades complementarias:**

-**Sábado, 18 de xullo, 19:00 h.:** Recital poético e musical: *O canto das sereas*, por Paco Rivas (poeta) e Lino Rico (compositor e intérprete)

-**Sábado, 1 de agosto, 19:00 h.:** Relatorio: *Monólogo sobre mar, vida e sereas*, por Otero Regal (premio Nacional de Artesanía 2011)

-**Xoves, 6 de agosto, 19:00 h.:** Relatorio: *Contos e cantos de sereas*, por Vicente Míguez (profesor e escritor)

-**Venres, 21 de agosto, 19:00 h.:** Relatorio: *Sereas e faros*, por Pablo Mosquera (médico e escritor)

-**Sábado, 22 de agosto, 19:00 h.:** Relatorio: *Sereas, musas da arte*, por Lorenzo González (catedrático de Artes Plásticas en Salamanca)

-**Sábado, 29 de agosto, 19:00 h.:** Relatorio: *As sereas en Britonia*, por Carlos Nuevo Cal (Cronista Oficial de Viveiro) e clausura da exposición.

## MUSEO PAZO DE TOR

### » Descubrindo o labirinto

Imos perdernos polo labirinto de Tor e tentaremos atopar os camiños de saída. Descubriremos os usos e funcións do noso labirinto de pedra centenario a través da construción dun minilabirinto, pero non vai ser tan doado, hai que gañarse as súas pezas superando múltiples probas.

**Idades:** nenos de 4 a 12 anos

**Data:** 20 agosto

**Horarios:** de 12:00 a 13:30 h.

### » Arte para a igualdade

Tomaremos conciencia sobre as desigualdades históricas entre homes e mulleres, e como a arte reflicte esa circunstancia. Mais, como podemos mudalo?

**Idades:** de 10 anos en adiante

**Prazas:** entre 6 a 16

**Datas:** 16 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 13:30 h.

## EN TODOS OS MUSEOS DA REDE

### » Obradoiro de poesía visual para o Club Sénior

Con este obradoiro preténdese exercitar a mente e outras habilidades mediante obradoiros prácticos. A aprendizaxe cultural, compartir o tempo, espazo, experiencias e coñecementos é de vital importancia para a satisfacción dos nosos maiores.

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 4 e 9 de xuño

**Horario:** de 17:00 a 18:30 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 23, 25 e 30 de xuño

**Horario:** de 17:00 a 18:30 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 11, 16 e 18 de xuño

**Horario:** de 18:00 a 19:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 2, 7, 9 e 14 de xullo

**Horario:** de 18:00 a 19:30 h.

**»Obradoiro de memoria visual para o Club Sénior**

Con este obradoiro preténdese exercitar a mente e outras habilidades mediante obradoiros prácticos. A aprendizaxe cultural, compartir o tempo, espazo, experiencias e coñecementos é de vital importancia para a satisfacción dos nosos maiores.

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 16, 21 e 23 de xullo

**Horario:** de 18:00 a 19:30 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 28 e 30 de xullo, e 4 de agosto

**Horario:** de 17:00 a 18:30 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 6, 11 e 13 de agosto

**Horario:** de 18:00 a 19:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 18, 20, 25 e 27 de agosto

**Horario:** de 18:00 a 19:30 h.

**»Obradoiros de divulgación científica para o Club Pequeamig@s**

Contáronmo e esquecino, vino e entendino, fixeno e aprendino. Ciencia para ver a arte. A idea é amosar o vencello entre a arte e o complexo mundo da ciencia. Unha mensaxe innovadora sobre a capacidade creativa do ser humana.

**Idades:** de 3 a 14 anos

**Prazas:** 15

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 6 de xullo e 3 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 7 de xullo e 4 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 14 de xullo e 11 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 21 de xullo e 18 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**»Obradoiros de museoterapia: arte e sentidos, para o Club Pequeamig@s**

Achegar, aprender, alimentar o noso máxín, saborear a arte, fortalecer a autoestima, sentirse pertencente a un grupo ...

**Idades:** de 4 a 14 anos

**Prazas:** 30

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Data:** 5 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Data:** 12 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Data:** 19 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 26 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**»Unha viaxe culinaria no espazo e no tempo, pola xeografía e a historia da gastronomía**

A través dunha presentación con imaxes e música, viaxamos a diferentes culturas para coñecer o máis característico da súas gastronomías: India, China, Xapón, Europa ...

Teremos oportunidade de degustar os sabores máis característicos de cada país.

**Idades:** de 7 a 12 anos

**Prazas:** 20

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Data:** 9 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Data:** 23 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Data:** 30 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 13:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 16 de xullo

**Horario:** de 11:00 a 14:00 h.

**»Man con man, ritual sobre a pel. Obradoiro de henna**

Tatuamos os noso propios deseños con henna natural importada de Marrocos. Unha festa para celebrarmos a alegría do verán.

**Idades:** todos os públicos

**Prazas:** entre 5 e 15 persoas

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Data:** 5 de agosto

**Horario:** de 17:00 a 20:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Data:** 12 de agosto

**Horario:** de 17:00 a 20:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Data:** 19 de agosto

**Horario:** de 16:30 a 19:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 26 de agosto

**Horario:** de 17:00 a 20:00 h.

**»Obradoiro TratoRetrato para o Club Pequeamig@s**

Seguramente non hai nada máis sorprendente que retratarnos, un debuxo no que representamos a nosa imaxe coas esaxeracións propias da caricatura.

**Idades:** de 4 a 14 anos

**Prazas:** 20

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 5 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 12 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 19 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 26 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**»Obradoiro: unha viaxe fotográfica no Museo**

Aprenderemos a ollar as fotografías e descubrir as mensaxes que se agochan nelas. Que historias nos inspiran? O museo será un escenario para a nosa imaxinación, un escenario de historia. A través das coleccións fotográficas de cada museo viaxaremos no tempo e crearemos as nosas propias historias. Se pechamos os ollos, que historias se nos ocorren que poderían ter acontecido neste mesmo lugar noutras épocas?

**Idades:** de 8 anos en adiante

**Prazas:** 20

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 7 de agosto



**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 14 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 21 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 28 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**»Obradoiro: Historias violetas, as mulleres nos museos**

Exploraremos o papel e espazos que as mulleres teñen ocupado tradicional e historicamente na nosa cultura: no campo, na aristocracia..., que actividades desempeñaban e como vivían en relación aos homes, e entre as diferentes clases sociais. Os museos gardan a memoria de obxectos, espazos, imaxes que ilustran a vida das mulleres ao longo da historia, pero tamén son ferramentas transformadoras, de cambio, para un futuro mellor. Observaremos, aprenderemos e cuestionaremos eses roles tradicionais. Á través de fotografías, reflexionaremos e compartiremos ideas de como o espazo, obxectos e imaxes do museo nos axudaron a entender e recrear a nosa imaxe.

**Idades:** de 8 anos en adiante

**Prazas:** 20

**Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

**Datas:** 8 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

**Datas:** 15 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

**Datas:** 22 de agosto

**Horario:** de 11:30 a 13:30 h.

**Museo Provincial de Lugo**

**Datas:** 29 de agosto

**Horario:** de 12:00 a 14:00 h.

**»VIAXES\* DESDE LUGO AOS MUSEOS DA REDE MUSEÍSTICA**

Viaxe en autobús e visita guiada ao Museo, totalmente gratuíto.

**Viaxe ao Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol**

Data: 24 de xullo

Saída de Lugo (Praza de santo Domingo): 17:00.h. Regreso a Lugo: 20:00 h.

**Viaxe ao Museo Provincial do Mar, San Cibrao-Cervo**

Data: 15 de xullo

Saída de Lugo (Praza de santo Domingo): 16:30 h. Regreso a Lugo: 22:00

**Viaxe Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos**

Data: 10 de xullo

Saída de Lugo (Praza de santo Domingo): 16:30.h. Regreso a Lugo: 21:00 h.

\*Para usar o servizo de autobús é preciso apuntarse previamente no departamento de Didáctica do MPLugo (tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12). Este servizo será anulado en caso de non reunirse un mínimo de 30 usuarios.

---

**MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES**

**Museo Provincial de Lugo.** Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 /  
didactica@museolugo.org

**Museo Fortaleza de San Paio de Narla,** Friol . Tfno.: 982 37 51 56 /  
sanpaiodenarla@museolugo.org

**Museo Provincial do Mar,** San Cibrao, Cervo. Tfno.: 982 59 45 72 /  
museodomar@museolugo.org

**Museo Pazo de Tor,** Monforte de Lemos. Tfno.: 982 165 534 /  
pazodetor@museolugo.org

**Xerencia da Rede Museística:** Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

E para estar ao día de todo o que pasa nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, síguenos en facebook, twitter e na web <http://www.museolugo.org>



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO